

**7.—PRESENTACIÓN DE OFERTAS OU DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN**

Data límite de presentación: ata as 14:00 horas do decimo quinto (15) día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Se o último día fose inhábil o prazo rematará o seguinte día hábil.

Presentación da documentación: no Rexistro Xeral do Concello, sito na dirección indicada no apartado 1, en horario de 9:00 a 14:00 horas, en dous sobres pechados e na forma e requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas.

Admisión de variantes: non.

**8.—APERTURA DE OFERTAS**

O acto público de apertura dos sobres núm. 2 terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a data da apertura da documentación administrativa. Para estes efectos comunicáraselles aos licitadores, mediante notificación remitida por fax ou correo electrónico e publicada no perfil do contratante do órgano de contratación, o lugar data e hora do acto público de apertura da documentación administrativa.

A apertura dos sobres núm. 3 comunicáraselle aos licitadores polos mesmos medios, tal e como se indica no PCAP.

**9.—GASTOS DE PUBLICIDADE**

Por conta do adxudicatario, ata un máximo de 1.000,00 €.

A documentación requirida para participar na presente licitación estará a disposición dos interesados no Perfil do Contratante do Concello de Lalín así como no departamento de Secretaría/Contratación do Concello de Lalín.

Lalín, a 8 de outubro de 2012.—O Concelleiro Delegado de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior, e Festas (Decreto da Alcaldía de 11/06/2011 publicado no BOP núm. 124 de 29/06/2011), Manuel Gómez Estévez.

**2012009736**

\* \* \*

**PONTE CALDELAS****A N U N C I O**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 19 de xullo de 2012, aprobou provisionalmente a creación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia e básico) do concello de Ponte Caldelas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 01.08.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procedese de seguido á publicación do texto íntegro:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA E BASICO) DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), o Concello de Ponte Caldelas establece a taxa por a prestación do servizo de axuda no fogar a que se refire o artigo 20.4.n) do TRLRFL, que se rexerá por a presente Ordenanza Fiscal.

**ARTIGO PRIMEIRO.—FEITO IMPOÑIBLE:**

Constitue o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia e básico) concedido a través dos servizos Sociais municipais nos termos e condicións do Regulamento do servizo.

*ARTIGO SEGUNDO.—SUXEITOS PASIVOS:*

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas que soliciten e se beneficien do servizo, tanto as persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia por Resolución da Comunidade Autónoma como as que, non tendo recoñecida a situación de dependencia reciban ou se beneficien do servizo de axuda no fogar.

*ARTIGO TERCEIRO.—RESPONSABLES:*

A responsabilidade será asumida nos termos do artigo 41 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades que se refiren, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

*ARTIGO CUARTO.—EXENCIONES:*

Según o establecido no artigo 24.4 do TRLRFL, onde se determina que para o establecemento da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas, e en virtude do exposto nos artigos 61 e 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación así como nos artigos 18 e 19 da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Pontecaldelas, gozarán de exención da obriga de pago da taxa aqueles contribuíntes dependentes valorados cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) así como aqueles contribuíntes beneficiarios do servizo de axuda no fogar básico cuxa capacidade económica sexa inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM). A capacidade económica das persoas usuarias do servizo determinarase conforme ao establecido no artigo seguinte.

*ARTIGO QUINTO.—COTA TRIBUTARIA:*

A cota tributaria virá determinada pola duración do servizo e pola capacidade económica das persoas usuarias do mesmo tendo en conta o seguinte:

1.-Determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar:

A.—A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivientes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

B.—O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010. Do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

2.—Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar Básico.

A.—Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

B.—Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder, Iguamente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

C.—A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

3.—A cota mensual a pagar, determinarase según o importe resultante de multiplicar o número de horas de prestación do servizo no mes, polas tarifas/hora seguintes (sendo revisables anualmente segundo costes de mercado, o cal será comunicado aos beneficiarios do servizo):

	DIAS LABORAIS	DOMINGOS/FESTIVOS
SAF dependencia	11,59 €/hora	13,94 €/hora
SAF basico	12,03 €/hora	

Ao resultado obtido aplicaranse os baremos do apartado seguinte.

4.—O Concello de Pontecaldelas establece unha regulación progresiva de copagamento do servizo, de acordo e respetando os límites establecidos nos artigos 61 e 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación, de acordo co seguinte baremo:

A.—Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención reconecido, usuarias do servizo de axuda no fogar:

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior co 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200% e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215% e menor ou igual ao 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350% e menor ou igual ao 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400% e menor ou igual ao 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450% e menor ou igual ao 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

B. – Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar Básica.

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAD básico
Menor do 0,80 do IPREM	0%
Maior do 0,80 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	20%
Maior do 1,50 e menor ou igual a 2 do IMPREM	30%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 do IPREM	50%
Maior de 2,5 do IPREM	90%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento, nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

**ARTIGO SEXTO. – DEVENGO, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO:**

- As taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal devengarase no momento en que se notifique a prestación do servizo.
- O período impositivo será mensual.
- O pagamento das taxas realizarase a mes vencido, mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión e nos quince primeiros días do mes seguinte a terminación do trimestre/mes.
- A falta de pagamento da cota dun mes/trimestre suporá a interrupción do servizo.

**ARTIGO SÉPTIMO. – INFRACCIÓN E SANCIÓN:**

No relativo as infraccións e sancións tributarias desta Ordenanza será de aplicación o disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

*Disposición derogatoria.*

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza quedará derogada a Ordenanza reguladora da Taxa do Servizo de axuda no fogar publicada no BOP nº238 de 11 de decembro de 2009.

*Disposicións finais.*

1. – No non previsto na Ordenanza fiscal será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

2. – A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor e será de aplicación dende o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 12 de setembro de 2012. — O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2012008793

\* \* \*

## O PORRIÑO

### ANUNCIO

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, procédese a dar publicidade das subvencións concedidas durante o terceiro trimestre do ano 2012 :

1.— Convocatoria pública de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da educación para o ano 2012.

*Beneficiarios e importe:*

#### BENEFICIARIOS

<i>NOME</i>	<i>CIF</i>	<i>IMPORTE</i>
APA CRUZ-BUDIÑO	G36119030	3.332,02
APA OLIVEIRA	G36127868	3.399,03
APA RIVEIRA	G36216190	1.217,00
APA ALBORADA	G36144137	3.329,33
APA STA. EULALIA-ATIOS	G36166007	3.379,19
APA PINO MANSO	G36147668	2.989,34
APA CASTELAO	G36145555	3.354,09
<b>TOTAL</b>		<b>21.000,00</b>

Data de aprobación: Resolución da alcaldía de 22.08.2012 según convocatoria publicada no BOP nº 116 do 18.05.2012.

Crédito orzamentario de imputación: 323.48000.

2.— Concesión directa de subvención á Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) CIF: G15051667 para a realización de tres becas de formación práctica.

Importe: 5.413,59 €

Data de aprobación: Resolución da alcaldía de 13.08.2012

Crédito orzamentario de imputación: 241.48900.

Exposición ó público: Os expedientes de concesión estarán a disposición dos interesados no servizo de Intervención para xeral coñecemento.

No Porriño a 3 de outubro de 2012. — O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2012009490

### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN

Por Decreto de Alcaldía de data 30 de agosto de 2012, procedeuse á adxudicación da subministración de combustíbel do Concello do Porriño, coas seguintes especificidades:

#### 1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- Organismo: Concello do Porriño.
- Dependencia tramitadora do expediente: Secretaría-Contratación.
- Número de expediente: 03/12